

Prólogo

Pandrama

Os tempos son chegados dos bardos das idades, tal cal canta Pondal na última estrofa do Himno galego. Tempos de globalización, de viaxes *low cost* que conseguiron ateigar de avións o espazo aéreo do planeta Terra.

Todo aparentemente barato e en cantidade, para que dea máis diñeiro. Unha miríade de produtos *low cost* a quecer o planeta, mentres se nos ofrece a sensación de benestar, dese benestar comprado ao contado ou a prazos.

Ben puidera parecer que non son tempos para bardos nin para singularidades ou diferenzas, sexan estas ecosistemas xeográficos e culturais, nacións ou persoas. Ben puidera parecer que as viaxes son viaxes, cando só son un produto de consumo da industria extractiva do turismo.

Neste contexto da evolución, chegamos á crise económica, xerada polo sistema financeiro internacional, para apertarnos as caravillas, ao remate da primeira década do século XXI, e para rematar a segunda aterramos na crise sanitaria.

A pandemia polo coronavirus da Covid19 pon o foco, entre outros desacougos, no deste globalismo, no que é máis fácil compartir e contaxiar virus ca riquezas ou ledicias.

Somos datos no mercado global, máis do que persoas nas nosas aldeas, vilas ou cidades. Reclusos das pantallas dos nosos dispositivos electrónicos e capturados polas plataformas de contidos dixitais.

Con este panorama de pandemias de varios espectros, un dos poucos espazos para compartir presenzas, e para que as palabras e o mundo cobren un sentido encarnado, é o do teatro. O teatro non contaxia virus, senón emoción e acción. A acción de facernos pensar.

Non é que o teatro teña que pensar por nós. Nós somos quen temos que pensar.

Os escenarios poñen en xogo o noso pensamento implicándonos no mesmo, desde a emoción e o pracer.

Incluso poden, como quería Antonin Artaud, contaxiar rebelión.

Rebelión no máis importante: no pequeno, nas actitudes da micro-política, esa que se exerce no día a día e non cada catro anos, votando nunhas eleccións democráticas.

Pasa o tempo, pasan os séculos, pero o drama segue a estar aquí e agora, por toda parte.

Máis ca nunca, ou nin máis nin menos ca nunca, estamos na era do *pandrama*.

O *pandrama* é totalizador. O prefixo “pan” e o substantivo “drama”, xunguidos no *pandrama*, apelan non só ao drama global, igual que a pandemia se refire a unha epidemia global.

O *pandrama* revélanos que todos os mundos entran nel, do mesmo xeito que todos os dramas entran no mundo.

O *pandrama*, así mesmo, vai máis aló do que entendemos por *drama clásico*, por tanto, inclúe o *posdrama*.

A suma do *drama* e o *posdrama* é o *pandrama*.

Porque a palabra en acción non só representa ou imita o mundo, como acontece na forma dramática a través do diálogo dos personaxes nunha situación de conflito. A palabra en acción é performativa e, en consecuencia, tamén pode crear ou xerar mundos reais. A ficción fica na cabeza de cadaquén.

Todas as palabras e silencios que se ofrecen neste libro son acción, son xogo. Para iso necesítante, necesítannos, para poñelas en acción. E, ao actualas, crear o mundo de novo, como crianzas, como deuses.

Cando creamos mundos nunha experiencia que implica as nosas presenzas, os nosos corpos, eses mundos, os que nestas páxinas se suxiren, van confrontarse, completar ou complementar o mundo no que vivimos.

Cando o *drama* se esboroa ou antes de el xurdir, estaría a poesía, que é música e é danza.

Por iso no *pandrama* tamén abrolla o poema.

Non só porque nun poema poida coller o mundo, senón tamén porque a coreografía do verso tamén pode ser acción. O poema, en si mesmo, pode actuar. O poema, igual ca o bailarín, é a obra e é o actor.

No *pandrama* crúzanse pezas independentes que, ás veces, poden establecer reflexos entre elas. Reflexos e ecos estilísticos, temáticos e mistéricos, entre elas e entre outras anteriores, como as contidas en *Dramáticulas* (Laiomento, 2010) e *Textículos dramáticos e posdramáticos* (Laiomento, 2013), coas que podería formar unha especie de triloxía, e incluso con pezas doutras autoras e autores de ámbitos artísticos diversos, o teatro, a danza, a literatura, a música...

As que están nestas páxinas son pezas heteroxéneas que, como *pandrama*, cruzan a escena dramática coa posdramática, que ás veces narra sen representar personaxes, que ás veces xoga coa auto-referencialidade e co teatral, co poema ou até co ensaio.

Porén, que ninguén se deixe enganar polas acepcións comúns de *drama*, porque en *pandrama* hai humor. De feito o libro remata con cinco números de cabaré desenfadado.

Alén da traxedia, do *fatum*, do fado, o máis importante aquí é o desenfadado. A grandilocuencia e o enfado fican fóra da nosa órbita.

Este é o lugar para xogar e esculcar(nos) ao pé das voces e dos corpos. O escenario no que as palabras ispen.

Que ispen?

Entra e verás.

ÍNDICE

0. Prólogo. <i>Pandrama</i>	9
1. <i>Magma</i>	12
2. <i>A outra cara</i>	13
3. <i>Identities</i>	18
4. <i>A casa</i>	25
5. <i>Unha rosa entre as mans</i>	26
6. <i>Selfie</i>	29
7. <i>Un can que ouvea</i>	33
8. <i>Un can atado</i>	37
9. <i>Nada que dicir</i>	40
10. <i>Corporal</i>	51
11. <i>Desafío Mowgli</i>	59
12. <i>Confinamento</i>	63
13. <i>Domitila</i>	65
14. <i>Non obstante, life is a cabaret, as you know</i>	73
14.1. <i>A vida petarda</i>	73
14.2. <i>Ser gai-lego</i>	76
14.3. <i>Ser instagramer</i>	78
14.4. <i>Ter pluma</i>	82
14.5. <i>Life is a cabaret</i>	84